



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

**BASES REGULADORAS II CAMPIONATO GALEGO ANDADURA DE TRADICIÓN.
QUIN ANDADURA, CON MOTIVO DA XXII FESTA DO LACÓN CON GRELOS .
O MESÓN DO VENTO, 8 DE MARZO DE 2020.**

I.- OBXECTO DO CONCURSO

É obxecto destas bases regular a convocatoria pública polo Concello de Ordes do II Campionato Galego Andadura de Tradición. Quin Andadura, con motivo da XXII Festa do Lacón con Grelos o día 8 de marzo de 2020.

II.- FINANCIAMENTO

O crédito para financiar os premios deste concurso atópase contido no orzamento vixente para este exercicio 2020 actualmente prorrogado 2019. Actividades culturais, partida orzamentaria 338.480.00, por importe total de 1.320 €

III.- PARTICIPANTES. CATEGORÍAS.

PROBAS – CATEGORÍA
QUIN ANDADURA CHAPEADA LIBRE
XINCANA (APTA PARA TODOS/AS OS/AS XINETES)
QUIN TROTE LIBRE
ANDADURA SERRADA LIBRE
CARREIRA DE BURROS

IV.- PREMIOS:

PROBAS – CATEGORÍA	IMPORTE PREMIOS				
	1º	2º	3º	4º	5º
QUIN ANDADURA CHAPEADA LIBRE	100 €	70 €	50 €	40 €	30 €
XINCANA (APTA PARA TODOS/AS OS/AS XINETES)	100 €	70 €	50 €	40 €	30 €
QUIN TROTE LIBRE	100 €	70 €	50 €	40 €	30 €
ANDADURA SERRADA LIBRE	100 €	70 €	50 €	40 €	30 €
CARREIRA DE BURROS	80 €	50 €	30 €		

V.- INSCRICIÓN

Para poder participar nas probas é imprescindible cumprir os seguintes requisitos:

- **TEÑEN QUE INSCRIBIRSE POLA MAÑÁ ANTES DAS 11:00 HORAS OBRIGATORIAMENTE.**
- **É OBRIGATORIO PRESENTAR O LIBRO DE IDENTIFICACIÓN DOS ÉQUIDOS ANTE O/A VETERINARIO/A RESPONSABLE QUE POSÚE A ORGANIZACIÓN PARA PODER PARTICIPAR.**
- **USO OBRIGATORIO DE CASCO.**



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- **CADA UN/UNHA FARASE RESPONSABLE DOS DANOS OCACIONADOS POLO SEU CABALO.**

VI.- XURADO

Vai estar integrado por dous xuíces. As decisións dos xuíces serán irrevogables e as persoas participantes deberán axustarse ás normas da competición.

O persoal da organización e o xurado do concurso cabalar quedan facultados para:

- Calquera protesta ou insulto cara aos xuíces ou á organización suporá a descualificación desa persoa e todos os seus équidos no día dos feitos.
- Calquera indicio de maltrato animal suporá a descualificación das probas.
- A organización poderá cambiar de proba a calquera participante se consideran que non está inscrito/a na categoría axeitada.

VII.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO

A resolución do concurso realizarase o día 8 de marzo de 2020 e vai depender dos tempos que cada unha das persoas participantes realizou en cada proba.

VIII.- ENTREGA DE PREMIOS

Finalizado o concurso entregarase un diploma a cada un/ha dos/das gañadores/as, ingresándose o premio na conta bancaria sinalada polo/a gañador/a.

DISPOSICIÓN FINAL

En caso de dúbida ante algún aspecto, presente nas bases ou por cuestións de loxística, a organización tomará a decisión que considere oportuna.

A participación no concurso supón o coñecemento do contido das presentes bases e a súa aceptación expresa, sen ningunha reserva.

Ordes, 12 de febreiro de 2020

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo